



ELECCIÓN PARA A RENOVACIÓN PARCIAL DOS MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR 2024

CONVOCATORIA NAIS E PAIS

De acordo coa resolución do 10 de setembro de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, a XUNTA ELECTORAL do IES Cabo Ortegal, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE NAIS/PAIS - TITORES LEGAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 43 do Decreto 324/1996 do 26 de xullo, e no punto oitavo da Orde do 21 de outubro de 1996, **corresponde elixir no presente proceso electoral a 1 pai/nai**, dun total de 1 representantes que poden ter no Consello Escolar.

No caso de presentarse máis dunha candidatura, será a/o candidata/o con maior número de votos o que entrará a formar parte do Consello Escolar durante os próximos 2 anos.

Segundo o artigo 50 do Decreto 92/1998 do 28 de abril, os empates que se puidesen producir en número de votos dirimiranse en favor dos que posúan maior antigüidade no centro e, en caso de igualdade, a elección dirimirase por sorteo.


2. Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do 25 de outubro de 2024 está exposto no taboleiro de anuncios do centro. **As reclamacións ao referido Censo** realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, **ata as 14:00 horas do xoves 7 de novembro**.
3. Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na administración do

centro. **As candidaturas poderán ser presentadas na administración do IES Cabo Ortegal entre o luns 28 de outubro e o xoves 7 de novembro.**

4. **O sorteo dos membros da mesa electoral** realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos/as, o **venres 8 de novembro, ás 11:00 horas**. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e catro pais/nais ou titores/as legais, actuando de secretario/a o de menor idade.
5. Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou titores/as legais do alumnado matriculado no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores/as.
6. **As votacións realizaranse no IES o martes 19 de novembro.** A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, cinco minutos antes da hora de comezo da votación.
7. Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo de 1 nome dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade á hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.
8. Teñen dereito a voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.
9. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para o seu envío á Xunta Electoral do centro.
10. A Xunta Electoral resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.
11. O conxunto das actas das distintas votacións serán remitidas á Xefatura Territorial segundo o modelo do ANEXO I da Resolución do 10 de setembro de 2024 o luns 25 de novembro.

Cariño, 25 de outubro de 2024

O presidente da Xunta Electoral



Asdo: Manuel Otero Rodríguez